

Pese á relaxación das medidas relativas á Covid-19 que indican que ao regreso das vacacións de Semana Santa se eliminará o uso das máscaras de modo xeralizado, poñémonos en contacto con vós para manifestar que dende o centro somos partidarios de manter o emprego da máscara nos espazos interiores do instituto, incluído o pavillón. O noso parecer ven motivado pola traxectoria que levamos seguindo dende o inicio da pandemia co fin de manter a seguridade de toda a comunidade educativa e, garantizando así, o mantemento da presencialidade.

Tendo en conta o enorme esforzo realizado, tanto dende o centro como dende as familias, informamos do mantemento dentro do protocolo do IES de Viós do uso obrigatorio da máscara no interior que nos axudará a rematar un curso complicado neste sentido sen sobresaltos de última hora, agora que encaramos a recta final de curso.

Do mesmo xeito, o uso da máscara deixará de ser obrigatorio nos espazos exteriores.

Agradecemos de antemán a vosa comprensión e colaboración.

A Dirección

